

ACTA

Da sesión **extraordinaria urxente**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

4 de agosto de 2023

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas do día catro de agosto de dous mil vinte e tres, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente Don Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos Don Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), Don Roberto José Álvarez Carrero (PP), Dona María Sandra Bastos Míguez (PP), Dona María Nava Castro Domínguez (PP), Dona María Isabel Couselo Torres (PP), Don Jorge Cubela López (PP), Don Rafael Domínguez Artime (PP), Dona Marta María Fernández-Tapias Núñez (PP), Don Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), Don Marcos Guisasola Padín (PP), Dona Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), Don Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), Dona Beatriz Lomba Rodríguez (BNG), Don José Carlos López Campos (PP), Don Carlos López Font (PSdeG-PSOE), Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), Dona Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), Don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), Dona María Ortega Iñarrea (BNG), Dona María Pilar Ramallo Vázquez (PP), Dona Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), Dona María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), Dona Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), Don Javier Tourís Romero (PP), Don Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión extraordinaria urxente, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asiste o Deputado Provincial Don Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE).

Da fe do acto o Secretario, Don Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, Don Antonio Graña Gómez.

Sr. Presidente.- Bueno, moi bo día a todos. Vamos a dar comezo a esta sesión extraordinaria urxente do Pleno da Corporación.

(Escóitase falar unha persoa).



Sr. Presidente.- A ver, espera que, recibín, acabo de recibir unha masterclass aquí da pantalla ...

Sr. López Font.- Creo que agora si lo tengo. Bueno, buenos días a todas y a todos. Era simplemente plantear el que el Reglamento Orgánico en el artículo 10 prevé el tema de constitución de los grupos políticos y expresamente dice “que del escrito de constitución se dará cuenta al Pleno” como quiera que no está en el orden del día creo que hay ver la forma en la que conste que damos cuenta de la constitución de los grupos porque no queremos salir de aquí sin estar constituídos. Gracias.

Sr. Presidente.- Grazas.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.8017.- **PRONUNCIAMIENTO SOBRE A URXENCIA DESTA CONVOCATORIA**

Sr. Presidente.- Ben, pois como dicía imos a dar comezo a esta sesión extraordinaria urxente prevista para as 12:00 da mañá, e donde o primeiro punto da orde do día é o pronunciamento sobre a urxencia desta convocatoria, unha urxencia que vén motivada ao non ter que ditaminar previamente o que son os acordos que hoxe veñen a Pleno dentro da organización. É un Pleno que se celebra dentro dos 30 días hábiles desde o momento da constitución da corporación, bueno, como veu sendo nestes últimos mandatos pois tamén habitual esa urxencia da convocatoria. Así que sen máis procedemos.

Sr. López Font.- Bueno, buenos días de nuevo. Con esta breve explicación por parte del Presidente no estamos de acuerdo. No se puede justificar la urgencia de este Pleno, es absolutamente injustificable. Primero, porque ya hace un mes que se tomó posesión, no hemos tenido salvo una breve, noticias, no se nos han facilitado medios, seguimos sin acceso a los expedientes de Junta de Gobierno, estamos sin local donde reunirnos, inclusive desconocíamos la forma de acceder a los expedientes de este propio Pleno. La realidad es que se convocó el Pleno el miércoles a las 14:34 recibido entorno a las 14:43 es decir, menos de 48 horas de la celebración de este Pleno. Lo que en principio pudiera parecer una falta de deferencia, porque estamos en las fechas en las que estamos, hemos comprobado



que tenía otra intencionalidad, como quiera y luego lo debatiremos, que en este Pleno lo que se hace es laminar literalmente la oposición, estamos convencidos de que se ha querido convocar este Pleno: primero, con poco tempo; segundo en agosto; y terceiro, para que tuviera, seguro que menor repercusión porque mañana las noticias serán Fiesta de Cambados, Cristo de la Victoria de Vigo, Peregrina de Pontevedra, muchas fiestas y entonces, efectivamente, como decía el Presidente, todavía faltan en torno a 13-14 días para que este Pleno se hubiera podido convocar. Por lo tanto, no es la urgencia es la necesidade y la intencionalidade de traer los temas que hoy se traen, y desde luego en la medida en la que esto se demoró un mes bien se podía haber hecho por el trámite ordinario para que pudiéramos valorar en consecuencia y valorar de forma exhaustiva, como creo que corresponde, las pruebas, perdón, las propuestas que se traen a este Pleno de organización. Por lo tanto, entendemos que no está justificada la urgencia, la urgencia fue en momentos en los que se hacía a los 7 o 9 días, entre otras cosas por toda la estructura organizativa pero después de un mes hablar de urgencia en estas fechas y tal como se ha convocado desde luego nosotros vamos a votar en contra de la urgencia. Gracias.

Sr. Presidente.- ¿Votos a favor da urxencia? ¿En contra? ¿Abstencións?

O Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e cos votos en contra do PSdeG-PSOE, aprobar a urxencia desta convocatoria.

2.8018.- **MOCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE RÉXIME DE SESIÓN DO PLENO E COMISIÓNS INFORMATIVAS (EXPTE. 2023051170)**

Sr. Presidente.- Ben, pasamos ó segundo punto da orde do día que é, Moción da Presidencia sobre réxime de sesións do Pleno e Comisións Informativas. Un segundo.

(Entre os tempos 00:12:32.12 a 00:12:56.16 non se escoita).

Sr. Cubela López.- Ben, bos días Presidente, compañeiros e compañeiras. O réxime de sesións do Pleno terán lugar os últimos venres, de mes, ás 12:00 da mañá, como viña sendo habitual, así como as Comisións Informativas serán celebradas con carácter ordinario o venres anterior a celebración dos Plenos ordinarios.



Sr. Presidente.- ¿Algúnha cuestión que comentar por parte do restos dos grupos? Procedemos entón á votación. ¿Votos a favor do establecemento do réxime de sesións do Pleno e das Comisións Informativas? ¿Votos en contra? ¿Abstencións? Queda aprobada.

De conformidade cos arts. 58 e 134 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, o Pleno deberá resolver sobre o réxime de sesións do mesmo e sobre a periodicidade das sesións ordinarias das Comisións Informativas.

Considerando o disposto no art. 15 do Regulamento orgánico provincial.

En consecuencia, o Pleno acorda, por unanimidade, aprobar a Moción da Presidencia sobre réxime de sesións do Pleno e Comisións Informativas, adoptándose o seguinte acordo:

“As sesións ordinarias do Pleno terán lugar o último venres de cada mes, ás 12:00 horas. Se a data prevista de celebración coincidira con festivo, será a Xunta de Voceiros a que establecerá o día de celebración.

Os Plenos correspondentes ós meses de xullo, agosto e decembro, previo acordo da Xunta de Voceiros, poderán celebrarse, con carácter extraordinario, noutras datas.

Así mesmo as Comisións Informativas ordinarias celebraranse os venres da semana anterior á de celebración do Pleno, a partir das 12,00 horas. Se a data prevista de celebración coincidira con festivo, será a Xunta de Voceiros a que establecerá o día de celebración”.

3.8019.- **MOCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIONS INFORMATIVAS (EXPTE. 2023051171)**

Sr. Presidente.- Terceiro punto da orde do día. Moción da Presidencia sobre a creación e composición das Comisións Informativas.

Sr. Cubela López.- Ben, neste punto informamos que serán constituídas un total de 10 Comisións Informativas. Compostas por 9 deputados do Grupo Provincial do Partido Popular, 6 do Partido Socialista e 2 vocais do BNG. O reparto



proporcional á composición dos grupos políticos que conforman a corporación provincial. Modifícanse algunhas das adscricións dos servizos, potenciase a creación de novas áreas coa finalidade de centrar a atención da xestión da Deputación ante os grandes retos sociais, económicos, dende a defensa da cohesión de todo o territorio da provincia despois da post-pandemia. Así se constitúen a Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, Cooperación Local Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais; outra Comisión será constituída coas materias de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente; outra Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico; Proxectos Europeos, Modernización Tecnolóxica Administrativa e Axenda Dixital; Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico; Deportes, Xuventude e Vida Saudable; Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade; Promoción Económica, Impulso e Formación para o Emprego; así como tamén a Comisión Especial de Contas. Cada grupo recibirá unha comunicación solicitando o nomeamento dos voceiros e dos vocais en cada un destes órganos colexiados.

Sr. Presidente.- *(Non se escoita).*

Sr. López Font.- Gracias de nuevo. Que bien que dijo el Sr. Cubela lo de la proporcionalidad, pena que no se cumpla la proporcionalidad absolutamente en todo Sr. Cubela. Pero estuvo bien que arrancase con que nos corresponden a cada grupo los miembros en las Comisiones Informativas en función de la representación que tenemos aquí. Bueno, calificamos de caótica la estructura de gobierno que se propone al dar cuenta de la delegación de competencias, porque ciertamente la delegación de competencias que tiene relación con las Comisiones Informativas en nuestra opinión es un enunciado de agrupamientos bastantes dispersos, no se especifican las actuaciones concretas que tiene cada diputado y diputada delegada, no se establece ni servicios ni aquellos trámites que corresponderá a cada uno y como quiera que en la delegación de competencias lo único que se especifica es el título para los 13 diputados/diputadas y el nombre de cada uno de ellos, no conocemos, como ocurría en el gobierno anterior, las actuaciones definidas de cada uno. Si yo le pregunto quién se va a encargar de Areeiro no tengo respuesta, y así podría continuar con el resto de los servicios. Pero para nosotros en esto lo más importante son las omisiones, a la hora de hablar de las políticas actuales nos resulta, iba a decir paradójico, pero nos resulta increíble que no tengamos rastro de la Agenda 2030, que no tengamos rastro de Memoria Histórica, que no se aborden los efectos de cambio climático, se dice



mar si y agrogandería no se menciona, no sabemos dónde está Recursos Humanos, pero todo esto que podría poner más ejemplos para nosotros lo más grave es el tratamiento que aquí se da a las políticas de igualdad: No tiene igualdad entidad propia en la delegación de competencias, se hace una unión con bienestar social, que a nuestro entender y más en el momento actual no tiene explicación posible. Evidentemente, y lo dijimos en el Pleno de Constitución, la bandera de la igualdad del gobierno anterior durante 8 años ha sido el mejor proyecto de igualdad del Estado Español, lo dijimos lo diremos aquí y no lo decimos nosotros lo dicen aquellos que trabajan en esta materia y que es reconocido unánimemente por los sectores implicados. Por lo tanto, el mix de delegaciones de competencias y su traslación a la definición de las Comisiones Informativas resulta inaceptable, porque lo lógico, o al menos a lo que estamos acostumbrados algunos donde gobernamos, es que haya una traslación de las áreas de gobierno a lo que son las Comisiones Informativas. Esto aquí no se da y no se da además con un aspecto ciertamente muy grave y que es el más clamoroso pero, digo el más clamoroso pero realmente sobre el resto también podría decir algo parecido. Leo la Comisión Informativa número 4: Igualdad, Políticas Sociales, Familia y Reto Demográfico, ya me explicará alguien lo que tienen en común este agrupamiento en las Comisiones Informativas; y además ¿qué es esto de familia?, porque familia no está en la delegación de competencias del presidente, en diputados y diputadas, no figura y debería de ser en todo caso al contrario, lo que está en delegación de competencias que se agrupase en Comisiones Informativas, y evidentemente comprenderán que para nosotros la equivalencia entre igualdad y familia pues ciertamente y con todos los respectos esto parecería diseñado por Vox. Hay mucha ideología en esta simple comunicación y en esta simple propuesta de Comisiones Informativas. Nos suena ciertamente a muy antiguo y, por lo tanto nosotros alertando de la preocupación, hoy las políticas de igualdad deben de ser bandera de cualquier gobierno lo han sido aquí, lo deben de continuar siendo y desde luego lo que nos faltaba era contemplar la competencia de familia que ya se nos explicará. Muchas gracias.

Sr. Presidente.- *(Non se escoita).*

Sr. Cubela López.- Moi ben, gracias Presidente. Mire, Sr. Font, cando unha persoa forma parte dun goberno como vostede e formou parte dun goberno nesta casa como vostede, sendo vicepresidente e voceiro do seu grupo, debería saber que cando se produce un cambio de goberno, o novo goberno e o novo equipo están lexitimados para establecer as prioridades, as competencias e as



delegacións que queiran imprimir co, que queiran imprimir de carácter na nova transición i novo ciclo político que encarna o mandato de Luis López. Vostede quere que no debate do punto das Comisións Informativas se faga un debate sobre o estado das competencias e das delegacións de cada deputado do equipo de goberno, non imos a facer nin máis nin menos que o que se fixo sempre establecer a posteriori deste Pleno unha resolución coas concrecións e o desenvolvemento das áreas i das competencias que serán encomendadas a cada deputado i deputada, foi o mesmo que se fixo sempre nesta Deputación. Pensabamos que viñamos a un Pleno de organización, onde hai que establecer mediante o mandato i co reglamento desta casa na man as cuestións e os aspectos que os cidadáns da provincia deben coñecer así como tamén os concellos. Vostede non está lexitimado aquí para cuestionar dende a oposición e dende o Partido Socialista as materias que o grupo de goberno establece en cada unha das Comisións Informativas, onde se recuperan aspectos e competencias que foron abandonadas durante 8 anos de goberno da anterior Presidenta da Deputación, onde se marcan as liñas estratéxicas dos retos do futuro despois da post-pandemia i onde sobre todo queremos ter claro que os principios deste goberno van a ser inmutables durante todo o mandato con toda a oposición do Partido Socialista que queira establecer nesta casa. Por suposto, que o reparto das Comisións Informativas é proporcional, non se adiante ó próximo debate, que estou seguro que o imos a debater i onde temos moitas cousas que dicir e que comentar. Xa verá como os deputados que encarnen as áreas e as competencias delegadas que lles serán encomendadas van a ser os que dende o minuto un a partir do luns lle dean a volta á xestión da Deputación. Estamos sendo esperados en moitos servizos da Deputación para darlle contido que ata día de hoxe non tiñan, estamos sendo esperados en moitos servizos da Deputación para volver a recibir nesta casa aos colectivos, ás asociacións, ós alcaldes i ás alcaldesas, porque non todo, Sr. Font, era o Plan Concellos, esta provincia ten moitos retos por diante que foron desatendidos nos últimos 8 anos con vostedes.

Sr. Presidente.- Ten a palabra o Voceiro do Bloque Nacionalista.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Bueno, a ver. ¡Ah!, grazas Sr. Presidente. Bo día a todos e a todas. Ben, eu unha cuestión xa que falo, bueno primeira vez que falo. Dende logo desexarlle que os problemas de saúde familiar que ten o Sr. Presidente se superen o antes posíbel. E tamén reiterar o noso ofrecemento a colaborar ou a dar información que se necesite para que a Deputación funcione o mellor posíbel, cousa que por agora non sucedeu nin é obrigatorio, que quede claro.



Ben, eu vou a intervir neste punto por unha cuestión técnica pero creo que preocupante, ¿non?, é preocupante que o Voceiro do Partido Popular, o Sr. Cubela, diga aquí que a delegación teñen que ser despois deste Pleno, eso pódese facer ó día seguinte que é o habitual, e di el que sempre se fixo así, nunca se fixo así, ¡nunca!, ¡nunca!. O Presidente unha vez que está investido si non é un temerario ou a presidenta colle e delega ó día seguinte porque senón tócalle todo a el, durante un mes, e si hai algunha desgracia ou calquera cousa tócalle todo a el, sempre se fixo así, sempre. É a primeira vez que vemos tal cousa entre outras cousas pola propia xestión e protección do Presidente igual que un alcalde ou alcaldesa, pois non se pasa un mes ou dous meses sen ter delegacións, depende do tamaño do concello, pode ser un problema francamente serio. Pois esa afirmación tan rotunda, por eso se dá conta, non fai falta acordalo no Pleno, por eso chega con dar conta. Hai síntomas preocupantes de certa, bueno, desorientación ou retorcer ou non coñecer o funcionamento da administración local en xeral, a das deputacións en particular é que, por exemplo asoma nesta información que francamente é moi desafortunada, Sr. Cubela, vostede sabe que non é así e non sei como se lle ocorreu dicir que sempre, sempre, cando é nunca, nunca, ou sea, nunca se fixo, nunca, hai que dar conta, ou sea, faise antes, faise antes deste Pleno, entón di “o luns que vén” bueno, sorpresas da vida, ¿non?, que aínda por riba demóranos para o luns que vén, cando o lóxico sería facelo de outra maneira. Eu recordo no ano 95, cando tomou posesión o Alcalde de Pontevedra e non delegou ese mesmo día e ese mesmo día había un incendio en San Francisco e resulta que andaba a Policía Local toleando por toda Pontevedra a ver a quen buscaba, se buscaba ó alcalde, buscaba non sei que, buscaba non sei tal, ninguén, ¡claro! Eso faise sempre doutra maneira Sr. Cubela.

Sr. López Font.- Permíto apuntarle Sr. Mosquera que respondeu así el Sr. Cubela porque simplemente no tenía otra cosa que decir y tuvo que negar la mayor como bien le ha desmontado usted ahora mismo. Sr. Cubela, usted y yo hemos debatido durante tiempo y nos conocemos, y para no querer entrar en el aspecto de las competencias y de lo que ello representan fíjese si se ha ido al Plan Concellos entró pero como una pantera en el mejor sentido de la palabra. Decía de respecto, respecto absoluto, total respecto, ahora usted es el que se delató porque dice que el gobierno y las funciones van a imprimir carácter, y claro, yo cuando se habla de familia veo que imprime carácter pero muy ideológico y tenemos todo el derecho a manifestarlo aquí. También dice que veníamos aquí a Pleno organizativo, sí, sí, claro, y yo venía pensando que en este Pleno organizativo iba a haber proporcionalidad como la hubo en los 8 años anteriores.



También yo, nosotros vaya, veníamos preparados para eso. Por lo tanto, aquí venimos a lo que venimos, lo que ocurre es que aquí hay propuestas muy concretas que significan y que nos retratan a cada uno. Y por lo tanto, cuando en la delegación de competencias se habla de Santa Clara y cuando en una Comisión Informativa no está Santa Clara y viceversa, ¡hombre!, lo lógico es que tengamos algo que decir, y lo lógico es que después de un mes de no haber hecho delegación de competencias lo lógico es que se quiera poner esto blanco sobre negro. Por lo tanto, yo no le voy a entrar al trapo Sr. Cubela de lo que según usted estuvo abandonado, de lo que estuvo cubierto, de lo que no estuvo cubierto, durante 8 años ha habido dedicaciones para la oposición y estaban cubiertas y como esos otros aspectos, por lo tanto, dejémoslo aquí. Lo que es evidente es que no se corresponde y le puedo poner ejemplos de lo que son delegación de competencias y áreas de gobierno con las Comisiones Informativas. Y me reitero es tremendamente sospechoso que un concepto que forma parte hoy del vocabulario de la extrema derecha como es el de familia aparezca en una Comisión Informativa cuando no aparece en la delegación de competencias del Presidente a ningún diputado ni a ninguna diputada. Gracias.

Sr. Cubela López.- Si, Sr. Font, mire, eu non pensaba que hoxe iba a vir con este mantra no primeiro Pleno desta forma, ¿non?, non dá ningún tipo de posibilidade a unha conciliación nesta transición nin de respecto á oportunidade que se lle debe de dar a todo o equipo de goberno cando hai un cambio político. Volveu a insistir no tema da familia, eu de verdade nun título dunha Comisión que contén: Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico. Mire, non hai igualdade sen políticas sociais, non hai igualdade sin familia, familia é un concepto que todos defendemos da forma máis amplía posible, vostede está falando dos demonios i da luna no século XXI, nós estamos no século XXI vostedes están noutro tipo de discursos que nada teñen que ver nesta casa. I miren, i esto llo di un alcalde do rural dun concello que non estuvo presente no discurso da anterior Deputación en ningunha das cuestións que vostedes quixeron levar adiante. Non hai igualdade sin reto demográfico. Igualdade para todos, igualdade para as persoas e sobre todo igualdade para as mulleres. Por iso creamos esta Comisión dende o aspecto máis amplío, onde serán ditaminados en cada unha delas todas as cuestións que se teñan que tratar, dar conta e traer a Pleno. ¿I sabe por que? Porque vostede o sabe, cantas veces vostedes dende un título, dende un titular, comisión especifica de igualdade, viñan ás comisións informativas sen ningún tipo de documento á Comisión de Igualdade, fíxense a diferenza de ter unha comisión, a veces, con contido baleiro a tratar de ter unha comisión que toque



todos os aspectos posibles da sociedade nesta temática, fíxense a diferenza e o van a comprobar no futuro.

Sr. Presidente.- Ben, procedemos a votación ¿Votos a favor da moción, bueno, dos puntos que se plantexan na moción sobre a creación e composición das Comisións Informativas? ¿Votos en contra? ¿Abstencións?

É intención desta Presidencia modificar a denominación existente ata agora dos órganos complementarios da Corporación Provincial, que teñen por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que deben ser sometidos á consideración do Pleno.

Considerando o disposto nos artigos 58, 124, 125 e 127 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Por iso, de conformidade co disposto no art. 49 do Regulamento Orgánico Provincial, o Pleno acorda por maioría de votos a favor do PP, cos votos en contra do PSdeG-PSOE e as abstencións do BNG, aprobar a Moción da Presidencia sobre creación e composición das Comisións Informativas, adoptándose o seguinte acordo:

“Primeiro: Créanse, atendendo ás grandes áreas en que se estruturan os servizos provinciais, ademais da Comisión Especial de Contas, é de existencia preceptiva, as seguintes Comisións Informativas Permanentes:

1. Transparencia, Réxime Interno e Facenda.
2. Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.
3. Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente.
4. Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico.
5. Proxectos Europeos, Modernización Tecnolóxica, Administrativa e Axenda Dixital.
6. Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico.
7. Deportes, Xuventude e Vida Saudable.
8. Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade.
9. Promoción Económica, Impulso e Formación para o Emprego.
10. Comisión Especial de Contas.



Segundo: As citadas Comisións Informativas estarán integradas por 17 Deputadas/os e a súa composición acomodarse á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos, resultando ser:

- 9 membros do Grupo Provincial do PP.
- 6 membros do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.
- 2 membros do Grupo Provincial do BNG.”

4.8020.- **MOCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS (EXPTE. 2023051172)**

Sr. Presidente.- Pasamos ó seguinte punto da orde do día que é Moción da Presidencia sobre nomeamento de representantes da corporación en órganos colexiados.

Sr. Cubela López.- Moi ben, bueno neste punto, está contido e reflexado no expediente, a proposta nominativa dos representantes da Deputación nos distintos órganos colexiados dos que forma parte esta Institución. Bueno, si queren os leo pero eu creo que podemos aforralo. Presidente, eu creo que está no expediente o contido, son moitos organismos i están todos pois contidos cos deputados que se considera conveniente. Si á oposición lle parece ben, ¡eh!, senón paso a lelo, ¿non?, eu, ¿verdade?, pois de acordo. Pode ser sometido a votación.

Sr. López Font.- Perdón que me anticipe, quería hacer una explicación de voto pero en la medida en la que ha intervenido el portavoz del Partido Popular para dar cuenta, aprovecho en esta intervención para hacer una explicación de voto y sobre todo tal y como va el debate para tranquilizar al Sr. Cubela sobre el respecto que tenemos a este gobierno. Nos vamos a abstener aquí porque entendemos que en la medida en la que no tenemos que ser nosotros los que propongamos y entendemos que le corresponde al gobierno para que vaya teniendo tranquilidad y vaya viendo como respectamos a este gobierno y a sus decisiones, entendemos perfectamente la propuesta que se hace, pero también creo que se debe de entender que ni a favor ni en contra, y por lo tanto era la explicación de voto que quería dar la abstención. Pero bueno, Sr. Cubela, que es una muestra de respecto que seguro que agradece.



Sr. Presidente.- (*Non se escoita*).

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sr. Presidente. Bueno, eran 5 agora 4, bueno, hai problemas de intendencia. Ben, grazas outra vez Sr. Presidente. Vamos a ver, eu dixen publicamente, e por parte de deste grupo teñan en conta, que desexamos que o goberno funcione o mellor posíbel e despois xa faremos a oposición que teñamos que facer, pero hai síntomas moi, moi, moi preocupantes, podería facer un chascarrillo como, por exemplo que algo que se pode facer en media hora, que é pedir un estado de execución pa saber cantos cartos hai comprometidos ou non, din que van a facer un estudio, non sei de tal, o sea, non fagas en media hora o que poidas facer en un mes, ou en dúos ou en tres; eso é a sensación que dá, sinto telo que dicir pero é así. E con respecto a esto, con respecto ó nomeamento do representante da Deputación en órganos colexiados, pois está claro que non se sabe quen o fixo, nin si preguntou, nin se sabe de que vai, porque aparece un nomeamento do seguinte teor, dos que eu controlo non me preocupe de mirar todos posiblemente aparezan máis, Consello de Goberno do organismo autónomo Pazo da Cultura de Pontevedra, D. Rafael Domínguez Artime como representante, un organismo que non existe hai 3 anos, evidentemente, esto non pasou polas mans do Sr. Domínguez, ou non o leu con calma porque senón obviamente non faría unha tontería de este tipo. Entonces nós normalmente aquí abstemonos, responsabilidade súa, nomee a quen queira pero o que non sei exactamente si voto a favor de que Rafael Domínguez vai abrir, vai a constituír, non o sei francamente, dá a sensación un pouquiño de improvisación, de que hai aí alguén, alguén decide pon e despois ninguén o le, ni ninguén o mira, obviamente si esto nolo deran con máis tempo pois podíamos nós corrixir, poderíamolo corrixir ou advertir, digo por non facer o ridículo de este calibre, ¿non?, parece que eu, nunca me gusta que ningún goberno, ningún faga o ridículo, xa bastante mala imaxe temos os representantes públicos como para facer o ridículo con estas cousas, ¿non?, e xa digo asuntos que se poden subsanar facilisimamente pois misteriosamente aparecen aquí, porque xa me dirán como pode, como se pode pois meter un gazapo dese calibre estando o Sr. Domínguez de Vicepresidente, está claro que non pasou por el, non o leu ou aquí ninguén se preocupou, digo tal, porque bueno que aquí na Deputación este perdido o expediente de que si se disolveu ese organismo ou non bueno, pero que hai xente que o sabe e obviamente si o mirara pois o tería, o tería corrixido. Xa digo non sei si hai máis ou non, que non me preocupe de miralo, que é responsabilidade súa, pero polo menos corrixan este gazapo que é gordo.



Sr. Cubela López.- Si, Sr. Mosquera, simplemente si hai un erro se detecta e se corrixe, é un tema por suposto que moito menor, vostede sabe o funcionamento, pide os órganos colexiados dos que forma parte a Deputación, se presenta iso i se propón a unha persoa, que neste caso pois estaría ben nombrada que é de Pontevedra. Mire, nós vimos de corrixir mediante Resolucions Presidenciais temas que vostedes deixaron nalgúns dos servizos e non pasa nada, correccións de erros i punto. Xa digo que é un tema moitísimo menor, non ten importancia i por suposto que o corrixiremos.

Sr. López Font.- No, es la preocupación que me deja el Sr. Cubela ahora porque si he entendido bien ¿ha dicho que ha corregido por Resoluciones Presidenciales cuestiones del anterior gobierno? ¿de?

(Escóitase falar).

Sr. Cubela López.- ... é dicir, non se poña nervioso que pode quedar aínda moito Pleno e o punto seguinte seguro que é onde vostede vén con todas as forzas posibles i necesarias. Pero estamos nun punto no que temos que nomear ós deputados representantes en todos os organismos colexiados dos que forma parte, eu creo que si queren forzar o debate neste punto forzámoslo todos, aquí vai haber organismos onde se conciten reunións anuais con unha periodicidade máis ou menos importante e outras non tanto, i eu creo que si queren facemos debate e senón non.

Sr. López Font.- Porque el grado de susceptibilidad es tremendo, si sólo intenté aclarar una cuestión, seguro que yo le he entendido mal, le entendí que por Resoluciones Presidenciales habían resuelto algunos erros por corrección de erros del anterior gobierno y simplemente quería decir y solicitar aquí que si ha habido Resoluciones Presidenciales de ese tenor que se nos informe porque las desconocemos, tranquilo no se preocupe que seguro que también usted viene para el punto quinto con todas las explicaciones del mundo mundial.

Sr. Presidente.- Ben, unha cuestión a ter en conta en relación co que apuntaba o Voceiro do Bloque Nacionalista Galego. Nós desde a Deputación si algún organismo como un concello non mostra que está disolto ese órgano automaticamente temos que habilitalos e dotalos dos representantes que corresponda, po lo tanto, aquí pode ser que haxa algún organismo que vostedes a nivel interno sepan que non funciona, pero si a Deputación non ten



comunicación de que é así pois, nós non temos que facer outra cousa máis que proceder ó seu nomeamento. Ben, procedemos á votación ¿Votos a favor da Moción da Presidencia sobre nomeamento de representantes da corporación órganos colexiados? ¿Votos en contra? ¿Abstencións?

O art. 58 c) do RD 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais determina que corresponde ó Pleno a designación de representantes da Corporación en órganos colexiados. Esta representación pode plantexarse dende dúas perspectivas: representación en órganos colexiados que dependen da propia Corporación e representación en órganos nos que debe haber representantes da Corporación pero que non dependen dela. En todo caso, o nomeamento é sempre competencia do Pleno.

Por todo iso, o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PP e coas abstencións do PSdeG-PSOE e do BNG, aprobar a Moción da Presidencia sobre nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados, adoptándose o seguinte acordo:

“Desígnanse representantes da Deputación Provincial de Pontevedra nos Organismos que seguidamente se relacionan ás/ós seguintes Deputadas/os:

COMISIÓN DE COORDINACIÓN DE SISTEMAS DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA E CARTOGRÁFICA	Titular: Javier Tourís Romero Suplente: Marcos Guisasaola Padín
COMISIÓN SUPERIOR DE URBANISMO DE GALICIA	Isabel Coucelo Torres
COMISIÓN TERRITORIAL DO PATRIMONIO HISTÓRICO	Titular: Marta Fernández-Tapias Núñez Suplente: Rafael Domínguez Artime
COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMENTO DO CONVENIO GES	Titular: José López Campos Suplente: Alejandro Lorenzo Alonso
COMITÉ CAMELIA DE GALICIA	Titular: Nava Castro Domínguez Suplente: Javier Tourís Romero
COMITÉ PROVINCIAL DE CAZA	Jorge Cubela López
COMITÉ PROVINCIAL DA CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA	Sandra Bastos Míguez



CONSELLO ASESOR DE TELECOMUNICACIÓNS E AUDIOVISUAIS DE GALICIA	Titular: María Ramallo Vázquez Suplente: Jorge Cubela López
CONSELLO DE GOBERNO DO ORGANISMO AUTÓNOMO “PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA”	Rafael Domínguez Artime
CONSELLO PROVINCIAL DE SERVIZOS SOCIAIS	Titular: Sandra Bastos Míguez Suplente: María Ramallo Vázquez
CONSELLO REDE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA	Titular: José López Campos Suplente: Jorge Cubela López
CONSELLO TÉCNICO ASESOR DA MISIÓN BIOLÓXICA DE GALICIA	Marcos Guisasola Padín
CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD E INMOBILIARIA DE PONTEVEDRA	Rafael Domínguez Artime
CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD E INMOBILIARIA DE VIGO	Marta Fernández-Tapias Núñez
CONSELLO REITOR AXENCIA TURISMO DE GALICIA	Titular: Nava Castro Domínguez Suplente: Javier Tourís Romero
CONSORCIO PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DAS COMARCAS DO DEZA, TABELÓS E TERRA DE MONTES	2 Titulares: José López Campos e Alejandro Lorenzo Alonso 2 Suplentes: Javier Tourís Romero e Marcos Guisasola Padín *No CONSELLO ASESOR os mesmos
CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO	2 Titulares: José López Campos e Alejandro Lorenzo Alonso 2 Suplentes: Javier Tourís Romero e Marcos Guisasola Padín *No CONSELLO ASESOR os mesmos
CONSORCIO ZONA FRANCA DE VIGO	Marta Fernández-Tapias Núñez
CLUB FINANCIERO DE VIGO, S.A.	Marta Fernández-Tapias Núñez
FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE	Sandra Bastos Míguez
FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL “AFUNDACIÓN”	Marta Fernández-Tapias Núñez
FUNDACIÓN LAXEIRO	Marta Fernández-Tapias Núñez



FUNDACIÓN XOSÉ NEIRA VILAS	José López Campos
INSTITUTO FEIRAL DE VIGO (IFEVI)	Marta Fernández-Tapias Núñez
MESA SEGURIDADE DO CAMIÑO	Titular: Nava Castro Domínguez Suplente: Javier Tourís Romero
PADROADO DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA	Alejandro Lorenzo Alonso
PADROADO SEMANA VERDE DE GALICIA	Jorge Cubela López José López Campos
PADROADO DA “FUNDACIÓN DEMOCRACIA Y GOBIERNO LOCAL”	Jesús Vázquez Almuíña
PADROADO DA FUNDACIÓN DE EXPOSICIÓN E CONGRESOS DE A ESTRADA	José López Campos
COMITÉ EXECUTIVO DA FUNDACIÓN DE EXPOSICIÓN E CONGRESOS DE A ESTRADA	José López Campos, Isabel Couselo Torres e Javier Tourís Romero
PADROADO DA FUNDACIÓN FEXDEGA	Titular: Javier Tourís Romero Suplente: Marcos Guisasola Padín
PADROADO MUNICIPAL “MONTE SANTA TEGRA”	Roberto Álvarez Carrero
PADROADO MUSEO DO POBO GALEGO	Jorge Cubela López
PADROADO DA UNIVERSIDADE NACIONAL DE EDUCACIÓN A DISTANCIA	Rafael Domínguez Artime
PADROADO DO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA	Marta Fernandez-Tapias Núñez
SECCIÓN PROVINCIAL DO CONSELLO DE EMPADROAMENTO DO INE	Titular: Jesús Vázquez Almuíña Suplente: Alejandro Lorenzo Alonso
SOCIEDADE “CIDADE UNIVERSITARIA, S.A.”	Alejandro Lorenzo Alonso
SOCIEDADE DE GARANTÍA RECÍPROCA DA PEQUENA E MEDIANA EMPRESA DE PONTEVEDRA E OURENSE (SOGARPO)	Rafael Domínguez Artime



XESTUR GALICIA	Rafael Domínguez Artime
XUNTA CONSULTIVA EN MATERIA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO	Isabel Couselo Torres
XUNTA CONSULTIVA DO PARQUE NATURAL DO MONTE ALOIA	Roberto Álvarez Carrero
XUNTA XERAL EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA, SA (TRAGSA)	Jorge Cubela López
CONSELLO REITOR PORTOS DE GALICIA	Marcos Guisasaola Padín
GDR-13 CONDADO-PARADANTA	Nava Castro Domínguez
GDR-14 BAIXO MIÑO	Roberto Álvarez Carrero
GDR-15 PONTEVEDRA-MORRAZO	María Ramallo Vázquez
GDR-16 DEZA	José López Campos
GDR-17 SALNÉS-ULLA-UMIA	Isabel Couselo Torres

5.8021.- **MOCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA DE CARGOS DA DEPUTACIÓN E PERSOAL EVENTUAL (EXPT. 2023051178)**

Sr. Presidente.- Pasamos o quinto punto da orde do día, que é Moción da Presidencia sobre réxime de dedicación exclusiva de cargos da Deputación e persoal eventual.

Sr. Cubela López.- Gracias de novo Presidente. O pasado 29 de maio, os pontevedreses demostraban nas urnas que o cambio na Deputación era posible. Coa elección de Luis López como Presidente da Deputación, unha persoa de grande experiencia no mundo local e tamén dende o territorio como Delegado da Xunta, abriuse un novo ciclo nesta Institución, coa formación dun goberno forte



cun marcado perfil municipalista. Con representantes de todos os partidos xudiciais, con concelleiros que proveñen da costa, do interior, das cidades e das vilas da nosa provincia. Dende onde traballaremos con propostas, con iniciativas plantexando solucións e chamando a un amplo pacto coa sociedade civil e cos colectivos, cunha forma próxima de atender os problemas reais de todos os concellos da nosa provincia, que serán os socios preferentes deste novo goberno. Para iso propomos unha nova estrutura orgánica do grupo de goberno, o réxime de dedicacións exclusivas ou parciais do Presidente, dos deputados e deputadas, así como a relación dos postos do persoal eventual. No equipo de goberno contaremos con 3 dedicacións exclusivas, a da Presidencia máis 2 deputados, e 3 dedicacións parciais; ao 85%, 79% e 50%, respectivamente. O resultado deste reparto é que este goberno suporá un aforro bruto de preto do 50% en gasto político, un 48% exactamente ás arcas da Deputación, de 713 mil euros a 367 mil euros que representará a nova corporación, respecto ó último ano do anterior goberno, ademais dun 19% de aforro no gasto en persoal eventual. Os postos de persoal eventual integran os que se reserva o grupo de goberno non excedendo en número ao anterior equipo supoñendo unha rebaixa sobre este dun 20%. Tamén se detallan as dotacións de medios persoais dos 3 grupos políticos da corporación, desta forma o Partido Popular contará cun Coordinador de Comunicación con categoría C₁, un Asesor de Comunicación con categoría A₂ e un Administrativo Delegado con categoría C₁. Asemade os grupos políticos da oposición teñen recoñecidos os medios profesionais que lles permitirán contar con apoio técnico para realizar as súas tarefas de control ó goberno. Tanto o PSOE como o BNG contarán cadanseu grupo cun administrativo con categoría C₁ e un asesor de comunicación con categoría A₂. Señorras e señores deputados facer política consiste en propoñer iniciativas, en chegar acordos, en confrontar ideas e en disentir. Por eso, queremos agradecer a actitude construtiva do Bloque Nacionalista Galego nas negociacións previas a este acordo, cun pacto onde o Presidente aceptou todas as peticións materiais e persoais para que poidan contar cos medios suficientes na súa labor. Lamentamos chegar a este Pleno sen un acordo co Partido Socialista, pola súa propia iniciativa, que volve actuar de novo máis como PSOE de Vigo que como PSOE da provincia de Pontevedra. As novas circunstancias políticas merecían que foran serios e respectuosos co cambio de ciclo que se produciu democraticamente nesta provincia. Ante o resultado electoral do pasado 28 de maio os que gañan teñen que ter respecto pero os que perden teñen que ter a humildade e non humillarse da forma en que o fixeron anunciando o día da Constitución da Corporación que desafiuzaban á Deputación da súa sede en Vigo, unha decisión surrealista dun partido político



que non é capaz de asumir o mandato das urnas. Podíamos enfrontarnos a unha transición normal i tranquila pero preferiron a estridencia coma case sempre, o que lles caracteriza ós Socialistas vigueses. Tiñamos a mellor das predisposicións a chegar a un acordo con vostedes, na forma en que o solicitaban i o falamos, hoxe aquí nesta intervención lles volvemos a dicir que lles volvemos a ofrecer a posibilidade de pactar si rectifican na ignominiosa decisión de sacar á Deputación de Pontevedra da súa sede en Vigo, que é a cidade máis poboada da nosa provincia. Máis nada, moitas gracias, esperamos os turnos de réplica.

Sr. Presidente.- (*Non se escoita*)

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sr. Presidente. Antes de nada un matiz, antes dixo que si na Deputación non consta o do Pazo, bueno, entón o Sr. Domínguez non está na Deputación porque el votouno no Concello de Pontevedra, pero nada máis, era do punto anterior. Con respecto, con respecto a isto, vamos a ver, un se move por principios ou non se move, ten uns principios ou non os ten, e non vale aquilo de Groucho Marx de que “teño uns principios pero uso outros”, ¿verdá?, e aquí consta e é evidente e agora o deixou traducir claramente o Sr. Cubela que había dúas almas dentro do PP; unha era, digamos, usar, por simplificar, ¿non?, porque é o que máis coñezo, non me gusta traer cousas locais aquí, o modelo de Pontevedra ou o modelo que se aplicou na Deputación no ano 15-19 que é entender que os grupos da oposición teñen dereito a poder funcionar e ter os medios para poder funcionar ou o modelo de Vigo que é pasar a vendeta e demais. En estos momentos podo dicir así claramente que nunca vin tal influencia de Vigo, do que pasa en Vigo, aquí nesta Deputación, ¡nunca!, se acusou a vez pasada, nos 8 anos anteriores de eso e creo que os feitos foron exactamente os contrarios. Entón, pois as cuitas que haxa en Vigo, ou as peleas que haxa en Vigo, pois tráense aquí e fan que o PP, en contra do que dixo, non sei si o creía ou non, que quería facer un acordo entre os 3 grupos para que se funcionara dunha maneira razoabel, pois eso non sexa así, e houbo algo, que teño que dicir, falase de acordo bueno, acordo non, nós transmitimos unhas necesidades e quitando unha terceira persoa tal e se dixo que se aceptaban unhas e outras non e se dou como pechado, ¿non?, vale, aceptámolo. Pero despois vén unha segunda parte, sempre e cando votedes a favor, coacción xa é un pouquiño por dignidade xa o aceptamos bastante, bastante peor, e claro, non hai maneira de xustificalo, como se pode xustificar que estando ustedes 11 na oposición, no mandato pasado, tuveran 4 persoas, 4 deputados en exclusiva e tiñan 3 de confianza, ou sea, 7 e agora estamos 13 na



oposición temos dous grupos que sempre ¿non? distinto e nos deixan 4, a ver como se ata ese globo, ¡eh!, a ver como se ata ese globo. Poden dicir o que queiran, claro que se rebaixou, claro, rebaixouse e non vamos a entrar aquí nos, en fin, nos detalles, nos entresixos de por que se rebaixou ou non, pero basicamente rebaixouse porque á oposición en principio, pois se lle recortou todo o que se pudo e nin auga, de verdá, é malo de vender, ¡eh!, pero si un cre que a oposición, e eu creo sinceramente senón non estaría aquí, creo que a oposición ten un papel que xogar e moi importante por outro lado, o goberno ten que executar e a oposición ten que velar por que se execute ben e é sumamente importante pois non fai o que traen ustedes aquí hoxe ó Pleno, non se fai, non se fai, póñano como queiran, póñano como queiran, poden vestilo como queiran, pero os datos son así e á parte eso, non, púdose levar doutra maneira, non quixeron e demais; que hai unha guerra en Vigo entre o PSOE e o PP e entonces queren arreglala, non é este o sitio para arreglar nin para ventilar cousas que se fan noutro lado, francamente, non o é, non o é, creo que se engañan profundamente, e teño que dicirlllo así, independentemente das conversacións que pudo haber para arreglar o noso, creo que se engañan profundamente, ¡eh!, e dígollo con toda a sinceridade e con todo tal, non é, un ten uns principios ou non os ten, o que non pode dicir é “en Pontevedra a oposición ten dereito a non sei que, e incluso nos felicitou o Sr. Domínguez, chegamos a acordo, ¡ui! así ten que ser, en outro lado si, cando estiveron aquí na oposición igual, e agora, agora non nos convén, os principios que non sei que pasou, pasou unha gavota que non sei que fixo, ou en Vigo non sei que pasou, non, non, non se fai así, non se fai, francamente, alá ustedes que teñen brazos para levantar pero gañarán pero non van a convencer, ¡eh!, non se fai así.

Sr. Presidente.- (*Non se escoita*)

Sr. López Font.- Desde el aprecio personal que le tengo Sr. Cubela estoy indignado con usted. Ha traspasado unas líneas rojas que en función de su intervención si hay que definir este pleno es el del reconocimiento por parte del Partido Popular del chantaje, y no pienso retirar lo que acabo de decir. Porque su intervención es la del chantaje o la tomas o la dejas, y lo que debería haber dicho es que nos tendríamos que haber reunido los 3 grupos provinciales y se ha delatado usted mismo cuando condiciona lo que se le da a la oposición a un problema o a una situación en un concello. Mire, por poner un ejemplo, el día que haya un problema con el Concello de Vilagarcía ¿le van a retirar ustedes el Plan Concellos al Concello de Vilagarcía? No, vergüenza debería de darles que un



concello sea el que sea condicione y sea rehén para tomar aquí derechos en contra de la oposición. Mire, con la propuesta que hacen fulminan de plano a la oposición para ejercer su tarea, somos el 48% de este Pleno y a lo que usted alega sólo es uno de 61% concellos. Los grupos de la oposición tienen derechos, hablaba usted antes de la proporcionalidad, y ustedes nos tienen que facilitar los medios, estamos hablando de la dignidad de la política la Alcaldesa de Pontearreas dice textualmente “que el tema de los salarios hay que retirarlo del debate político”, ya veo lo coordinados que están ustedes. Por lo tanto, ustedes no establecen aquí los criterios de proporcionalidad, pero lo más lamentable y dado el tono que ha tenido su intervención es que yo a usted le recuerdo como Portavoz del Partido Popular hace 4 años, y recuerdo el anterior portavoz del Partido Popular hace 8 años pedir medios para la oposición, pedir dedicaciones exclusivas, esas que hoy niegan a la oposición, ya me dirá usted que es lo que ha cambiado. Porque mire si el problema es el que ha mencionado usted el discurso que se hizo aquí el día 6 de julio se cae por su propio peso, se convierte en un discurso absolutamente hueco. Mire, la Diputación por su rango de administración debe dar ejemplo y debe de dar ejemplo en dedicaciones y en todo, y este, de castigar a la oposición, a partir de hoy para mi es el modelo Diputación, diferente al modelo de Vigo, Sr. Cubela, en el que la persona que se sienta a su derecha tiene una dedicación exclusiva con 5 concejales, con el 18% de la corporación local, mientras que el grupo que represento tenemos el 33%, no sé lo que piensa contestarme o si se va ir al servicio, pero lo que es evidente es que esto ni guarda ninguna proporcionalidad y ustedes fulminan a la oposición, lo que no hicimos nosotros. Yo tengo la autoridad moral de defender aquí esto, porque durante 8 años ustedes han tenido dedicaciones para poder hacer política, ¿qué piensan hacer?, pedir disculpas como tuvo que pedir la Alcaldesa de Pontearreas, ¿van a devolver el dinero de los 8 años? O, ¿qué piensan hacer?, ¿no recuerda usted cuando reivindicaban dedicaciones para los diputados? Mire, simplemente esto es lo que les tenemos que decir en relación con los cargos de confianza, es un atropello manifiesto, es absolutamente indigno lo que hacen, porque representamos en el conjunto de la oposición a 125 mil votantes. Podría decir y tengo que hacerlo, por la distribución de tiempo, podría decir muchas más cosas sobre esto que no sé cómo no se les cae la cara de vergüenza de defender esto. Pero tengo que referirme a personal eventual, y en personal eventual no se vuelve a guardar proporción, vuelve a ser un modelo distinto este del Concello de Vigo, aquí hay un total de 25 cargos frente a los 19 que hay en el Concello de Vigo, y aquí yo no le quiero quitar nada, no le queremos quitar nada al Bloque Nacionalista Galego pero esto tendría que guardar una proporción y del total de



25 justo sería un 6-4-2, que ni siquiera ustedes eso lo hacen. Pero bueno, ya se les ve ciertamente el plumero porque se le olvidó decir que un administrativo del Grupo Provincial del Partido Popular debe de cobrar 38 mil euros y los de la oposición deben de cobrar 31 mil euros, ya me explicará usted cuál es la diferencia distinta que hace uno del Partido Popular a uno del Bloque Nacionalista Galego al PP? Miren, retiren esta propuesta, mediten y revisen sobre todo su concordancia con el discurso del 6 de julio.

Sr. Cubela López.- Si, isto xa sabemos que ía a pasar, que ía a pasar porque démoslles as oportunidades e as opcións de retratarse dunha decisión arbitraria, ditatorial e unilateral, sin ser consensuada co novo Presidente nin co novo goberno da Deputación. Esto non é un problema do Concello de Vigo, esto non afecta só ó Concello de Vigo, esto afecta á Sede da Deputación de Pontevedra en Vigo, esto non vai de vostedes nin de nós, esto vai dos dereitos dos vigueses, que lles queren privar dunha sede, dun inmovible, dunha ubicación que foi pactada e acordada entre a Deputación i o Concello de Vigo dos que vostede formaba parte, onde a Deputación investiu e dispuxo máis de 400 mil euros para a reforma deste edificio, que é a casa da Deputación en Vigo ata que o convenio finalizase. ¿Por que Sr. Font temos esta proposta? Porque a nosa obriga é salvagardar os dereitos e a dignidade desta Institución ante unha decisión, como dixen antes, que era unilateral, arbitraria e ditatorial ¿Sabem por que? Porque perderon a Deputación, esa decisión Sr. Font, i míreme ós ollos, non se tería tomada senón perderan a Deputación, é unha vendeta polo que decidiron os pontevedreses democraticamente no cambio de ciclo que pechaban nesta casa, i o anuncian cun desleixo i un desprezo o mesmo día que o Sr. Luis López tomaba posesión como Presidente da Deputación, eso son os Socialistas de Vigo. Mire, fai 4 anos eu sentei-me con vostede a negociar un pacto, eu con vostede non estabamos as 3 forzas políticas como me esixe agora, i vostede ofrecía unha serie de cuestións, un deputado e un asesor, eu plantexei unha lista de máximos, evidentemente, vostede me dixo que si non había acordo retrataríamos ó que vostedes plantexaban, un deputado i un asesor, conseguimos 2 deputados e 3 asesores, vostedes marcaron as cantidades i os prezos dos salarios dos nosos asesores, nós agora estamos recoñecendo as categorías profesionais a quen as ten que ter. O Bloque presentou unhas peticións, non presentaron nin pediron dedicacións, si chegan a pedir unha dedicación se lle houbera dado, vostede pediunos 3 dedicacións e 3 asesores y lle dixemos estamos dispostos a falar e chegar a un acordo pero teñen que retractarse desta decisión en Vigo, ten que ter unha resposta política atacar á Deputación de Pontevedra i por suposto que teña



claro que si non rectifican nesa decisión non vamos a pactar nada, nós ofrecimos e pactamos en Vilagarcía a gobernabilidade...

Sr. Presidente.- Sr. Cubela, vaia rematando, por favor.

Sr. Cubela López.- ...-vale-, a gobernabilidade de Vilagarcía non andamos con esperpentos como en Cangas, como en Cambados ou en Silleda, nós ofrecemos porque somos un partido de goberno en todas as institucións, sigo tendéndolle a man para que rectifiquen i volvan ó consenso que é o que quere este equipo i este grupo de goberno.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sr. Presidente. Eu reitérome no que dixen antes, é que ou se teñen os principios ou non se teñen, e traer eso pois, aquí, e ter eso en conta aquí me parece que é unha mala solución, ¿vale?, e cambiar os principios pois tamén. De todas as maneiras, quero recordar, quero recordar que antes desa decisión, antes desa decisión, naquela reunión que tuvemos para entregar a documentación de como estaba todo, que por certo obviamente non a leron ou polo menos quen a tiña que lela non a leu, pois xa houbo unha ameaza clara por parte da Vicepresidenta primeira, actual Vicepresidenta primeira, foi antes da toma de posesión, de que “tomamos nota, arrieritos somos -por cousas de Vigo-, arrieritos somos y tomamos nota”, ¿verdá? E a miña resposta foi “mal asunto, moi mal asunto”, sempre que se traen as cousas dun concello á Deputación nunca vin que resultaran ben, nunca, nunca; e agora estamos vendo os resultados foi antes xa, ¡eh!, antes non despois. Agora si se impuxo o criterio que xa traía a Sra. Vicepresidenta primeira en contra doutros criterios, que sei que outra xente tiña outros criterios, pois bueno, eso xa é unha cuestión interna súa que a resolvan como ben a entendan, pero o resultado final é profundamente desafortunado, é profundamente desafortunado, ou sea, non ten ningún sentido pois que, póñanse no caso, póñanse no caso por exemplo, de que, non sei nun concello que un grupo ten 10 e outro ten 1 pois se lle dea o mesmo a un que a outro e cousas, e cousas así; é profundamente desafortunado e á parte vai en contra do que vostedes mesmos desfrutaron a vez pasada. Póñolle un exemplo por si quere ver, mire, no ano 2015 tuvemos a reunión e estaba o Sr. Figueroa, Louzán e o Sr. Crespo, negociando, moito nos temiamos que eso, digamos, a ala pactista do PP, para entendernos, a ala como se queira chamar, vale, e resulta que chegamos a un acordo e moitos nos temiamos que os iban a sacar do medio e a liña ía a ser diferente, efectivamente, no primeiro Pleno montaron unha bronca destas monumentales, desagradables, porque xa había outros portavoces, non se



nos ocorreu volver atrás, porque o podemos facer, como vostede hoxe trae unha moción pode traer no próximo Pleno outra, non se nos ocorreu, porque era unha cuestión de principios, e aquí o que demostran é esa carencia de principios, sinto estanse enganando.

Sr. López Font.- Resulta sorprendente que usted sea alcalde, Sr. Cubela, porque cuando hay una cuestión que afecta a un concello le corresponde al alcalde y al gobierno de esa localidad o de esa ciudad. Este gobierno provincial no puede ser rehén de ambiciones personales de nadie, no puede ser rehén, se ría lo que quiera Sra. Fernández-Tapias, pero efectivamente antes de tomar ninguna decisión usted, y es el momento de decírselo, afirmo lo que dijo el Sr. Mosquera “tomamos nota”, efectivamente. Sr. Cubela, le han informado muy mal o a leído muy mal los papeles, la Diputación de Pontevedra sigue teniendo Sede en Vigo, la Diputación de Pontevedra se ajusta a un convenio que se firmó, que antes de hacer las afirmaciones que ha hecho usted aquí convendría que leyese porque no se ajusta a lo que usted ha dicho, esto de desalojo está muy bien pero lo que no puede convertirse, Sr. Cubela, es que el problema de una localidad se convierta en disputa política aquí porque insisto ustedes no están autorizados a partir de ahora, ni tienen autoridad moral para reclamar dedicaciones, para reclamar salarios ¿Qué piensa hacer la Sra. Fernández-Tapias el lunes con lo que se ha aprobado aquí hoy? ¿Renunciar a su dedicación en el Concello de Vigo? Teniendo en cuenta que creo que va a votar lo mismo que usted pues a lo mejor era una salida en condiciones. Por lo tanto, cada problema y cada situación de cada concello que se dirima allí porque lo que ustedes van hacer aquí, es fulminar a la oposición, fulminar a la oposición. Y usted no puede invocar el que ha habido una negociación con este grupo, no lo puede invocar y falta a la verdad porque yo he sido citado por ustedes y antes de que yo abriese la boca se me dijo que si no se solucionaba el tema de Vigo, como si le correspondiese a estos 9 diputados la solución, no habría dedicaciones, es más y lo voy a decir aquí ahora dada la deriva que lleva sus intervenciones, a mí se me amenazó con cero personal eventual y con cero dedicaciones exclusivas; les di los argumentos que les di, entre otros que hay un reglamento en el que está que tiene que haber personal eventual. Concluyo, anuncio públicamente que veremos este tema judicialmente, me encantará ver el posicionamiento de un juez sobre las argumentaciones que demos y un juez que tenga en su mano lo que se hace en Vigo, lo que hacen ustedes aquí y lo que se hizo durante 8 años a lo mejor le merece una opinión que no es la que tiene usted. Gracias.



Sr. Cubela López.- Si, grazas. Miren, como esto vai a quedar recollido en acta i en gravación en vídeo vouno a deixar máis claro todavía que na anterior intervención. Vostedes fai 4 anos non nos regalaron nada, foi un pacto, un acordo co Partido Popular, co seu voceiro sentado na mesa, o mesmo que lle ofrecimos agora, porque este deputado pediu 4 asesores e 3 dedicacións, vostedes ofrecían un asesor i unha dedicación e chegamos a un acordo de 3 asesores e 2 dedicacións, i eu lle manifestei a vostede senón chegamos o 4º asesor nos abstemos, e vostede me dixo, clarísimamente, que, ou aceptaba o acordo que chegabamos de 3 e 3 ou que se retraían á situación e a posición de entrada 1 e 1, foi un acordo, foi un pacto. Nós sentámonos con vostedes, como o resto dos deputados do PSOE e os que nos estean vendo non o saben vou dicirlles o que pasou e o que fixemos, escoitamos as necesidades do voceiro e do Partido Socialista, as peticións que tiñan, manifestamos que o Presidente estaba disposto a ser xeneroso, cunha grande comprensión das súas necesidades, pero que era “conditio sine qua non” retirar a decisión do desafuzamento; é un pacto, é un acordo como os que chegamos noutros sitios, porque nós chegamos a un acordo para a gobernabilidade i o Pleno de organización en Vilagarcía, gobernada por un alcalde socialista, a 3ª cidade da provincia, chegamos a un acordo co alcalde Socialista, sendo o Partido Popular, tendo o Partido Popular o mesmo número de concelleiros que o alcalde Socialista; chegou o PP de Pontevedra a un acordo co goberno de Pontevedra para o inicio da gobernabilidade i sobre todo do Pleno de organización en Pontevedra; ofrecíamos o mesmo aquí, xa digo que recollimos as demandas do BNG, recolleríamos as súas, estamos dispostos a volver a recollelas, pero eso é unha condición insalvable porque nós vamos a defender os dereitos e a lexitimidade da presenza da Deputación en Vigo, por moito que lle pareza mal ós Socialistas ou a unha parte do Socialismo vigués representado hoxe aquí tamén por varios de vostedes.

(Escóitase falar a varias persoas pero non se percibe).

Sr. Presidente.- Rematado o debate procedemos á votación desta moción sobre o réxime de dedicación exclusiva de cargos da Deputación e persoal eventual. ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? Abstencións non hai.

De conformidade co disposto nos artigos 75, 75 bis e 75 ter da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), 225 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 13 do Real decreto 2568/86, de 28 de novembro, pola que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e



régime xurídico das entidades locais (ROF), o Pleno acorda por maioría de votos a favor do PP e cos votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG, aprobar a Moción da Presidencia sobre réxime de dedicación exclusiva de cargos da Deputación e persoal eventual:

1.- Número e retribucións de altos cargos

Grupo Político	CARGO	Nº	% Dedicación	RETRIBUCIÓN ANO	RETRIBUCIÓN 04/08/2023-31/12/2023	Custo Patronal 04/08/2023-31/12/2023
PP	Dedicación exclusiva Presidente	1	100%	82.425,56 €	32.873,71 €	10.815,45 €
PP	Dedicación exclusiva deputada/o provincial	1	100%	68.869,22 €	27.467,04 €	9.036,66 €
PP	Dedicación exclusiva deputada/o provincial	1	100%	68.869,22 €	27.467,04 €	9.036,66 €
PP	Dedicación parcial deputada/o	1	85%	58.538,84 €	13.733,52 €	4.518,33 €
PP	Dedicación parcial deputada/o	1	79%	54.406,68 €	23.346,99 €	7.681,16 €
PP	Dedicación parcial deputada/o	1	50%	34.434,61 €	21.698,97 €	7.138,96 €
TOTAL				367.544,13 €	146.587,27 €	48.227,22 €

Así mesmo, propónse ao Pleno da Corporación Provincial:

1. Asignar ao Presidente da Corporación Provincial D. LUIS LÓPEZ DIÉGUEZ a dedicación exclusiva, con efectos dende a data do Pleno organizativo.
2. Asignar aos deputados/as D. JAVIER TOURIS ROMERO e D^a ISABEL COUSELO TORRES a dedicación exclusiva, con efectos da data de aceptación do cargo.
3. Asignar á deputada provincial D^a SANDRA BASTOS MÍGUEZ a dedicación parcial do 85%, con efectos da data de aceptación do cargo.
4. Asignar ao deputado provincial D. ROBERTO ÁLVAREZ CARRERO a dedicación parcial do 79% con efectos da data de aceptación do cargo.



5. Asignar ao deputado provincial D. MARCOS GUIASOLA PADÍN a dedicación parcial do 50%, con efectos da data de aceptación do cargo.

Os nomeamentos dos membros da Corporación para estes cargos deberán ser aceptados expresamente por aqueles tal e como dispón o citado artigo 13 do ROF. De ser así terá que comunicarse esta circunstancia ó Pleno na seguinte sesión ordinaria.

O custo total do período comprendido entre o 04/08/2023 e o 31/12/2023 ascende a 146.587,27 € en concepto de retribucións e a 48.227,22 € en concepto de seguridade social, cantidades que se imputarán ás aplicacións orzamentarias 23/900.9120.100.00 e 23/900.9120.160.01.

Unha vez aprobado o réxime de dedicacións exclusivas corresponde ó Presidente o nomeamento dos membros da Corporación que pasarán a desempeñar os devanditos cargos.

Este acordo será publicado na forma prevista no apartado 5 do artigo 75 da LBRL, e no portal de transparencia da Deputación, en cumprimento do estipulado no artigo 8.1 f) da Lei 19/2013, de 9 de decembro.

O Presidente informará ó Pleno con carácter trimestral do transcrito nesta moción.

2.- Indemnizacións por asistencia a sesións de órganos colexiados

Estas indemnizacións serán as actualmente vixentes, cuxos importes veñen recollidos nas bases de execución do orzamento:

Por cada sesión do Pleno	475,00 €
Por cada sesión da Xunta de Goberno e Comisións Informativas	200,00 €

3.- Indemnizacións por gastos de asistencia a actos fóra do Pazo Provincial no exercicio das súas funcións ou en representación da Deputación.

a) Réxime de axudas de custo e gastos de locomoción.



Tal e coma establecen as Bases de execución do vixente orzamento provincial, todos os membros da Deputación terán dereito a percibir indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio dos seus cargos segundo as normas de aplicación xeral nas administracións públicas, contidas basicamente no Real decreto 462/2002, de 24 de maio, e actualizacións posteriores (a última orde HFP/792/2023, de 12 de xullo) e orde de 8 de novembro de 1994, sobre xustificación, quedando todos incluídos no grupo I para efectos de axudas de custo, todo isto con fundamento no artigo 75-4 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 13.5 do Regulamento de organización, funcionamento, e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/86, de 28 de novembro, e artigo 225.21 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, así como o Regulamento orgánico da Deputación e a normativa propia desta Institución.

b) Xustificación.

Efectuarase segundo a normativa de carácter xeral anteriormente indicada para as administracións públicas, mediante conta rendida pola persoa interesada, á que se unirán os xustificantes que sexan necesarios en cada caso.

4.- Determinación do número, denominación e retribucións dos postos de traballo de persoal eventual

Dado que a determinación do número, características e retribucións do persoal eventual corresponde ó Pleno da Corporación Provincial ó comezo do seu mandato, de conformidade co previsto no artigo 176 do Real decreto legislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e artigo 104 e 104 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, proponse a aprobación da relación de postos de traballo de persoal eventual, de confianza e asesoramento especial da Presidencia, nos termos que se detallan no seguinte cadro:

Nº	CARGO	GR	Retribución Anual	Retribución. 4 meses e 28 días	Coste Patronal: 4 meses e 28 días
GABINETE DE PRESIDENCIA					
1	Coordinador/a de réxime interno	A1	65.060,75 €	25.948,12 €	8.225,55 €
1	Director/a da área de coordinación intermunicipal	A1	61.000,00 €	24.328,57 €	7.712,16 €



1	Director/a de comunicación	A1	56.000,00 €	22.334,43 €	7.080,01 €
1	Xefe/a de gabinete	C1	40.500,00 €	16.152,58 €	5.120,37 €
1	Coordinador/a de proxectos	C1	39.700,00 €	15.833,51 €	5.019,22 €
1	Coordinador/a de estratexia	C1	39.700,00 €	15.833,51 €	5.019,22 €
1	Administrativo/a delegado/a	C1	38.000,00 €	15.155,50 €	4.804,29 €
1	Asesor/a	C1	34.000,00 €	13.560,19 €	4.298,58 €
1	Asesor/a de prensa	A2	32.000,00 €	12.762,53 €	4.045,72 €
1	Asesor/a de prensa	A2	32.000,00 €	12.762,53 €	4.045,72 €
1	Fotógrafo/a	C1	34.000,00 €	13.560,19 €	4.298,58 €
1	Asesor/a de protocolo	C1	34.000,00 €	13.560,19 €	4.298,58 €
VICEPRESIDENCIAS					
1	Xefe/a de Gabinete	A1	54.000,00 €	21.536,77 €	6.827,16 €
1	Xefe/a de prensa Vicepresidente	A1	45.000,00 €	17.947,31 €	5.689,30 €
1	Asesor/a de prensa	A1	45.000,00 €	17.947,31 €	5.689,30 €
1	Administrativo/a	C1	35.000,00 €	13.959,02 €	4.425,01 €
1	Xefe/a de prensa Vicepresidente	A1	45.000,00 €	17.947,31 €	5.689,30 €
1	Administrativo/a	C1	30.000,00 €	11.964,87 €	3.792,86 €
GRUPO PP					
1	Coordinador/a de comunicación	C1	40.500,00 €	16.152,58 €	5.120,37 €
1	Asesor/a de comunicación	A2	36.000,00 €	14.357,85 €	4.551,44 €
1	Administrativo/a delegado/a	C1	38.000,00 €	15.155,50 €	4.804,29 €
GRUPO PSOE					
1	Administrativo/a (PSOE)	C1	31.000,00 €	12.363,70 €	3.919,29 €
1	Asesor/a (PSOE)	A2	36.000,00 €	14.357,85 €	4.551,44 €
GRUPO BNG					
1	Administrativo/a (BNG)	C1	31.000,00 €	12.363,70 €	3.919,29 €
1	Asesor/a (BNG)	A2	36.000,00 €	14.357,85 €	4.551,44 €
TOTAL			978.460,75 €	390.238,60 €	123.705,63 €

O custo salarial total para este ano 2023, por catro meses e vinte oito días, ascende a 390.238,60 € en concepto de retribucións, e a 123.705,63 € en concepto de seguridade social, cantidades que se imputarán ás aplicacións orzamentarias 23/900.9120.110.00, 23/900.9120.110.01 e 23/900.9120.160.02.

Así mesmo e a través deste acordo, o Pleno ratificará os nomeamentos do persoal eventual efectuados por Resolucións de datas 10/07/2023, nº



2023005549, 12/07/2023 n° 2023005559, e 14/07/2023 n° 2023005650, con efectos que se precisan no seguinte cadro e con cargo ás previsións da relación de postos de persoal eventual da anterior Corporación, e ata o día anterior á celebración deste Pleno organizativo (03/08/2023):

POSTO	APELIDOS E NOME	GR	EFFECTOS
Coordinador/a de réxime interno	MONSERRAT OTERO OITAVÉN	A1	10/07/2023
Administrativo/a	BESADA RIVEIRO, LAURA	C1	12/07/2023
Administrativo/a	PÉREZ RODRÍGUEZ-SOMOZA, ELENA	C1	14/07/2023

Nas resolucións de nomeamentos indicárase o contido das funcións, tarefas ou labores encomendadas, propios dos servizos xerais da Corporación Provincial para a súa posterior inclusión na relación de postos de traballo da Corporación, entendéndose por funcións de confianza ou asesoramento especial aquelas nas que concorran as seguintes circunstancias:

- a) Asesoramento vinculado ó desempeño e formulación de estratexias e propostas de actuación ou difusión no ámbito das competencias da autoridade que efectuou o nomeamento, o apoio que supoña unha colaboración de carácter reservado.
- b) Non estar reservadas a persoal funcionario.
- c) Especial dedicación e dispoñibilidade horaria.

Estas retribucións serán actualizadas en función do establecido na Lei de Orzamentos xerais do Estado de cada ano.

Este acordo será publicado na forma prevista no apartado 5 do artigo 104 bis da LBRL, e no portal de transparencia da Deputación en aplicación do sinalado no artigo 8.1 f) da Lei de Transparencia.

Os nomeamentos do persoal eventual, tamén serán obxecto de publicación nos lugares que se determinan no apartado anterior.

Por último, o Presidente da Deputación informará ó Pleno con carácter trimestral do número, características e retribucións do persoal eventual.



6.8022.- **MOCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE ASIGNACIÓN DE DOTACIÓN ECONÓMICA ÓS GRUPOS POLÍTICOS (EXPTE. 2023051179)**

Sr. Presidente.- Pasamos ao seguinte punto da orde do día que é: Moción da Presidencia sobre asignación de dotación económica ós grupos políticos.

Sr. Cubela López.- Neste último punto informamos que traemos como proposta un compoñente fixo, cunha dotación mensual de 2.000 euros por grupo provincial, e un compoñente variable, unha dotación mensual de 900 euros por membro de cada grupo provincial.

Sr. Presidente.- ¿Non sei se hai algunha intervención? Procedemos entón á votación. ¿Votos a favor sobre a asignación de dotación económica ós grupos políticos? Queda aprobada por unanimidade.

O artigo 73.3 da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local establece que o Pleno da Corporación poderá asignar ós grupos políticos unha dotación económica que deberá contar dun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos, e outro variable, en función do número de membros de cada un deles.

En base a iso, o Pleno acorda, por unanimidade, aprobar a asignación de dotación económica ós Grupos Políticos, adoptándose o seguinte acordo:

“Establecer a seguinte dotación económica aos grupos políticos provinciais:

A) Compoñente fixo

Unha dotación mensual de 2.000,00 € por grupo provincial.

B) Compoñente variable

Unha dotación mensual de 900,00 € por cada membro do grupo provincial.”

7.8023.- **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS (EXPTE. 2023051180)**



Sr. Presidente.- E logo o 7, é último punto deste Pleno extraordinario, que é dar conta de Resolucíons Presidenciais, as cales pois figuran no expediente e comprende o nomeamento de Vicepresidentes, a composición da Xunta de Goberno e periodicidade das sesións ordinarias, a composición da Xunta de Voceiros e nomeamento de Deputados Delegados. Non sei se queredes que proceda á lectura ou se, perdón, ¡ah!, o da constitución dos grupos.

Sr. Secretario.- La constitución de los grupos.

Sr. Presidente.- Verdade, si, grazas pola aportación, si. O que é tamén a constitución dos grupos. Procedemos entón á votación.

Sr. Secretario.- No se vota.

Sr. Presidente.- Dar conta, perdón, dar conta. Son dous anos xa que levo sen ser alcalde e perde un a práctica e nótase. Ben, pois non habendo máis asuntos que tratar damos por pechada esta sesión extraordinaria. Moitas gracias e moi bo día.

Queda enterado o Pleno das seguintes Resolucíons Presidenciais en relación coa organización da Corporación:

- a) Nomeamento de Vicepresidentes (RP nº 2023005542 de 07-07-2023).

“A Presidencia, en uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte

RESOLUCIÓN

De conformidade co disposto nos artigos 34.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, 104.2 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 66.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO,



Designar Vicepresidentes da Corporación Provincial ós seguintes Deputados provinciais:

Dona Marta Fernández-Tapias Núñez e Don Rafael Domínguez Artime.

Da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, e ós interesados, publicándose no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día de hoxe.”

- b) Composición Xunta de Goberno e periodicidade sesións ordinarias (RP nº 2023005792 de 19-07-2023) .

“A Presidencia, en uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte

RESOLUCIÓN

A Xunta de Goberno, como órgano necesario na organización provincial, intégrase polo Presidente e un número de Deputadas/os non superior ó terzo do número legal dos mesmos sendo os seus membros nomeados e separados libremente pola Presidencia (arts. 32.1 e 35 Lei 7/1985, de 2 de abril e 72 R.D. 2568/1986, de 28 de novembro).

Considerando o disposto no art. 44 do Regulamento orgánico provincial, en uso das miñas atribucións,

RESOLVO,

- 1.- A Xunta de Goberno queda integrada polos seguintes Sras./es Deputadas/os:

Presidente: Luis López Diéguez
Vogais: Marta Fernández-Tapias Núñez
Rafael Domínguez Artime
Roberto José Álvarez Carrero
María Nava Castro Domínguez
Jorge Cubela López
José Carlos López Campos



Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
María Pilar Ramallo Vázquez
Jesús Vázquez Almuíña

2.- As sesións ordinarias da Xunta de Goberno terán lugar semanalmente todos os venres ás 11:00 horas.

Da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, e ós interesadas/os, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web, sen prexuízo da súa efectividade dende o día de hoxe.”

c) Constitución grupos políticos e Composición Xunta de Voceiros (RP nº 2023005812 de 20-07-2023) .

“A Presidencia, en uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte

RESOLUCIÓN

Dada conta das comunicacións subscritas por todos os membros do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (Rex. entrada WEB2023042911 de 07/07/2023), do Partido Popular (PP) (Rex. entrada WEB2023015377 de 13/07/2023) e do Partido Socialista de Galicia (PSOE) (Rex. entrada WEB2023015645 de 19/07/2023) desta Deputación, constituíndose como Grupos provinciais e designando Voceiras/os (titular e suplente).

Considerando que a efectos de actuación corporativa os membros das Corporacións Locais constituiranse en grupos políticos e que a/o voceira/o de cada grupo será o representante do mesmo a todos os efectos (artigos 24 e 25 do RD 2568/86 de 28 de novembro e 54 do Regulamento Orgánico).

Visto o disposto nos arts. 34.1,a) da Lei 7/85, de 2 de abril e 61.2 do RD 2568/86, de 28 de novembro,

RESOLVO,

Constituír a Xunta de Voceiros desta Deputación Provincial coa composición seguinte:



- Polo Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego:
Voceiro: Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo
Voceira suplente: María de los Remedios Ortega Iñarrea
- Polo Grupo Provincial do Partido Popular:
Voceiro: Jorge Cubela López
Voceira suplente: María Pilar Ramallo Vázquez
- Polo Grupo Provincial do Partido Socialista de Galicia-PSOE:
Voceiro: Carlos López Font
Voceira suplente: Ana Laura Iglesias González

A Presidencia da mesma ostentaraa o voceiro do grupo provincial do Partido Popular.

Da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, e ás/ós interesadas/os, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web, sen prexuízo da súa efectividade dende o día de hoxe.”

- d) Nomeamento de Deputados Delegados (RP nº 2023006130 de 02-08-2023).

“A Presidencia, en uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte

RESOLUCIÓN

En uso das atribucións que confiren á Presidencia os artigos 34.2 e 35 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 58, 63 e 64 do RD 2568/86 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como no artigo 105.2 da Lei 5/97, de Administración Local de Galicia,

RESOLVO,

1. Delegar as miñas atribucións nos centros e áreas de servizos, que se detallan, en favor dos seguintes Deputadas/os:



- . DEPORTES E CULTURA: Vicepresidenta Primeira Marta Fernández-Tapias Núñez.
- . ECONOMÍA IMPULSO AO EMPREGO, MUSEO PROVINCIAL E CONVENTO DE SANTA CLARA: Vicepresidente Segundo Rafael Domínguez Artime.
- . COOPERACIÓN LOCAL E EMERXENCIAS: José López Campos.
- . TURISMO: Nava Castro Domínguez.
- . RETO DEMOGRÁFICO, XUVENTUDE E DESENVOLVEMENTO RURAL: Jorge Cubela López.
- . ASISTENCIA AOS CONCELLOS, TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN XERAL: Jesús Vázquez Almuíña.
- . FONDOS EUROPEOS, INNOVACIÓN E AXENDA DIXITAL: María Ramallo Vázquez.
- . XESTIÓN TRIBUTARIA, PATRIMONIO E FORMACIÓN: Alejandro Lorenzo Alonso.
- . MEDIO AMBIENTE E MAR: Marcos Guisasola Padín.
- . IGUALDADE E BENESTAR SOCIAL: Sandra Bastos Míguez.
- . INFRAESTRUTURAS PÚBLICAS, MOBILIDADE E CONTRATACIÓN: Isabel Couselo Torres.
- . COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS: Roberto Álvarez Carrero.
- . ACCIÓN COMUNITARIA E EQUIPAMENTOS PÚBLICOS: Javier Tourís Romero.



2. Esta Resolución Presidencial entrará en vigor o luns, día 7 de agosto de 2023.

Da presente resolución darase conta ó Pleno da primeira sesión que celebre, e ás/ós interesadas/os, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e na páxina Web.”

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente, sendo as trece horas do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará a Ilmo. Sr. Presidente comigo, o Secretario, que dou fe.

